

## **Acta da sesión extraordinaria de data 18 de novembro de 2016 Pleno infantil do Concello de Moeche**

Na Casa do Concello de Moeche, ás 12.00 horas do 18 de novembro de 2016, ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno infantil, ao que asiste o alumnado de educación primaria do CEIP San Ramón, o seu profesorado e **Diego Rodríguez**, en representación de **Unicef Galicia**, baixo a presidencia da alcaldesa, Beatriz Bascoy Maceiras, e actúa como secretario xeral, **Adrián Fernández Orjales**.

Actúan como voceiras e voceiros dos seus cursos as seguintes persoas:

- **Alberto Fernández Graña (1º)**
- **Erika Freire Permuy (2º)**
- **Tomás José González Yáñez (3º)**
- **Asier Ramil Martínez (4º)**
- **Marta Mera Lois (5º)**
- **Noel Folgueira Beceiro (6º)**

Inicia a sesión a alcaldesa dándolle a benvida á Casa do Concello a todos os presentes e animándoo a participar coas súas propostas no seu concello. A continuación o secretario toma nota dos diferentes representantes de cada curso.

### **1 Intervención e proposta do representante de 1º curso.**

**Alberto Fernández Graña** expón a proposta elaborada polo seu grupo de 1º de educación primaria que di que consiste en establecer un sistema de “bicicletas públicas” e manifesta que non teñen porque ser gratuítas.

### **2 Intervención e proposta da representante de 2º curso.**

**Erika Freire Permuy** manifesta que o seu grupo propón como complemento á idea expresada polo seu compaño Alberto, que se estableza un carril –bici desde a escola ata o parque do Concello ou a feira.

### **3 Intervención e proposta do representante de 3º curso**

**Tomás José González Yáñez** traslada as propostas do seu grupo que se concretan na necesidade de mellorar ou amañar o parque municipal situado ao lado da Casa do Concello así como as goteiras do pavillón municipal.

### **4 Intervención e proposta da representante de 4º curso**

**Asier Ramil Martínez** presenta a petición do seu grupo de instalar unhas porterías no campo de fútbol 7 que hai ao lado do pavillón municipal e que o portalón de acceso permaneza aberto para poder xogar polas tardes e en época de vacacións.

### **5 Intervención e proposta da representante de 5º curso**

**Marta Mera Lois** indica en nome do seu grupo que agradece a posibilidade que se lles ofrece de participar no Concello e que están contentos polas obras que se fixeron no patio da escola pero que solicitan que , cando se poida, se mellore o que queda de patio. Solicita que se amplíe oferta de escolas deportivas, sobre todo, de fútbol para que as nenas e nenos non vaian xogar a equipos doutros concellos.

### **6 Intervención e proposta do representante de 6º curso**

**Noel Folgueira Beceiro** presenta como proposta que se limpen as pistas e se poñan máis luces

Rematadas as intervencións dos representantes dos nenos e nenas, toma a palabra a alcaldesa, que agradece a participación e o traballo realizado para chegar todos e todas a acordo e presentar propostas acordadas polo alumnado.

Comenta a alcaldesa que o Concello realiza asembleas veciñais nas parroquias desde hai un ano , nas que veciñas e veciños colaboran coas súas propostas para o concello e para a súa respectiva parroquia, pero que é certo que nesas asembleas se recolle a opinión dos adultos e non o interesante punto de vista dos más novos, que tal e como se veu aquí, é ben diferente o que vos preocupa como nenos e nenas que sodes. Comprométese a alcaldesa a sumar estas propostas ás das asembleas veciñais e en función dos recursos económicos, das necesidades e prioridades, a levar a cabo progresivamente todas as que se poidan.

Solicita dos participantes que acheguen as súas propostas de títulos de libros e de películas para mercalos para a biblioteca pública e anímalos a utilizar a caixa de correo que hai instalada na entrada da Casa do Concello para deixar alí as súas achegas.

Remata a intervención da alcaldesa co compromiso de crear o Concello Local da Infancia en Moeche e agradecendo a todos e todas o seu traballo, así como a colaboración do profesorado e moi especialmente a participación de Diego Rodríguez, representante de Unicef Galicia, xa que sen el este Pleno non tería lugar e quen promove a participación de nenas e nenas no presente e futuro dos Concellos.

Remata esta sesión extraordinaria ás 12.50 horas da que o secretario redacta esta acta e asinan el e a alcaldesa

Adrián F.O

Adrián Fernández Orjales



